

# **TERRA CHÁ**

## **Darío Xohán Cabana**

**Unha iniciativa de**



**co apoio de**

*A Terra Chá somentes é  
un pobo aquí, outro acolá,  
mil arbres, monte raso,  
un ceo chumbo e tráxico  
no que andan as aves a voar.  
O resto é soedá.*

Estes célebres versos de Manuel María resumen poeticamente unha visión melancólica da Terra Chá. Pero son a visión das horas pouco alegres. O libro de Manuel María sinxelamente titulado *Terra Chá* é unha guía poética riquísima, talvez única no mundo. Nel está a tristeza, pero tamén toda a ledicia variadísima que alberga esta bisbarra onde incluso os «pobos» –un pobo aquí, outro acolá– se disgrégan en mínimas agrupacións de dúas ou tres casas chantadas nunha encrucillada, e mesmo en milleiros de casas de labranza illadas, chantadas no medio dun lugar, formando coas chozas e as palleiras conxuntos de racionalismo implacable e equilibrada beleza: a arquitectura das chairas é unha categoría ben asentada no estudo da arquitectura popular galega, e aquí, na Terra Chá luguesa, está o paradigma máis acabado.

*A Terra Chá somentes é...* A Terra Chá é tantas cousas: a vella terra paleolítica; os grandes campos de mámoas; os castros, moitos xa desfeitos; a nobre arquitectura medieval, relixiosa, civil e militar; a potencia construtiva dun longo barroco; a gran arquitectura popular do XIX e principios do XX; os singulares cemiterios neogóticos dos bos canteiros de Román; as lagoas silentes, minúsculas algunhas coma ollos sombrizos; os ríos coma cobras, que no inverno chuvioso parecen indecisos sobre o camiño que han coller; os prados sempre verdes, as terras de concentración, as pequenas carballeiras, os toxais floridos, a terra de *bocage* cos seus valados arborados...

Cínguese a Terra Chá por pequenas serras que ós chairegos nos parecen grandes montañas: Cordal de Ousá, Cova da Serpe, a Loba, Cadramón, Xistral, serras de Lourenzá e de Meira, Mirador e Monciro, Outeiro Maior. Por elas fican rastros do Paleolítico Superior, os grandes rastros que hai en Galicia dos pobos puramente cazadores e apañadores de froitos. Son o Prado do Inferno, a Pena Grande de Bordelle, Os Penedos e Férvedes: sonorosos nomes para un poema de Pondal, en terras de Xermade, de Vilalba e Muros. No museo de prehistoria de Vilalba móstranse os pétreos instrumentos daquelas antigas poboacións.

Dicir «megalitismo» é case dicir Roza das Modias, o maior conxunto de mámoas da Terra Chá; pero hai moitos más. Estes eran os pobos pegureiros que tamén aprenderon o cultivo da terra: eles si que eran coma nós, os nosos devanceiros certos; o campesiño neolítico aínda existía hai poucas décadas. Da

maneira de vivir daqueles primeiros non hai moito sabido; dos seus poboados non hai restos. De como morrían e ficaban mortos sábese ben más; enterrábanse en túmulos, e os túmulos son o que nós chamamos mámoas, medorras, modias. En tempos profanáronas os buscadores de tesouros; despois algúns bárbaros cortáronas para faceren pistas; pero aquí están áinda centos delas, monumentos do tempo.

Confín dos verdes castros: así lle chama á nosa Terra o noso himno nacional. Tamén a Terra Chá, e as beiras súas, onde está o Castro de Viladonga, amplo e rico recinto dominante, que mandou moitos séculos nas terras de ó redor. Todo se ve moi ben, e ten un magnífico museo. Hai dous ou tres castros en Galicia que nos fan entender perfectamente a vida daqueles devanceiros que eran xa case nós. Un é o de Santa Tegra, no Baixo Miño; outro o de Viladonga, no Alto Miño.

Pero en cada eminencia, en cada lugar forte, fortificaban unha aldea; a Terra Chá estaba xa moi habitada. Se cadra había un castro por parroquia; se cadra os castros deron despois en ser parroquias. Moitas igrexas se fixeron nas súas croas. Algún segue habitado, non foi abandonado nunca: Castro de Rei pasou de castro a burgo e castelo medieval, e finalmente abriuse en vila feiral, sempre no mesmo sitio.

Vilalba, capital de Montenegro: a Torre dos Andrade, octogonal e gótica, poderosa vixía dunha gran estirpe feudal. Castelo de Caldaloba ou Vilaxoán, lugar da estrema resistencia do Mariscal Pardo de Cela contra os Reis Católicos. Terra Chá de grandes cabalgadas, coma as daquel trobador roubador e guerreiro Roi López de Aguiar, señor da Pena de Cospeito, que tan ben retratou Vasco da Ponte: «Xurou de non casar ata chegar a trinta dacabalo, e o día que chegou, ese día o mataron. A verdade sabida, non tiña nin para cinco escudeiros». Se non tiña, roubába. Meira, de monxes bernaldos, non é xa propria Terra Chá, pero é unha das súas grandes feiras: a igrexa románica dos freires é más grande ca algunhas catedrais. Santa María de Abadín é xa outra humildade. Fermo Santiago de Baamonde, que ten románico e ten gótico en perfecto equilibrio. Pola unha ponte de arcos oxivais sobre o río Parga vaise á ermida –tamén gótica– de Santo Alberte, onde hai famosa romaría. Andaba por aquí aquel maldito Fernán Pérez Parragués, o esbirro dos Andrades que tanto os axudou a vencer a marea da Segunda Irmandade. Terra Chá dos feudais, mais tamén Terra Chá dos Irmandiños, a dos labregos revoltados e os mesteirais que deran en soñar na liberdade, a dos pequenos cabaleiros e escudeiros –Afonso de Lanzós– postos á fronte dos exércitos populares, derrubando os castelos dos seus parentes ladróns, e sendo finalmente derrotados.

Chegou o tempo do barroco, e na Terra Chá as igrexas aldeás fixérонse de novo, talvez algo más grandes, e as más delas bastante parecidas entre si; ben diferente foi a parroquial de Samarugo, que parece un resumo: tras da fachada

barroca, unha nave románica e un presbiterio gótico tardío; ou a moi tardía e grande de San Simón da Costa –terra dos grandes queixos afumados con casca de bidueiro, de sabor e recendo incomparables. Pero onde más brilla o barroco chairego é nos seus moitos pazos: o de Samarugo hoxe tan desfeito, que barroquizou tamén un vello edificio medieval; o de Caldaloba, ben sentado no alto dun enorme prado; o da Ponte de Rábade ou Mirapeixe, fondo xunta o río Miño; o de Miraz, o de Mondriz, o de Reximil, as Casas do Colexio, a Casa da Barreira... e sobre todos eles o Pazo de Sistallo, un dos más guapos e más luxosos de Galicia. E chegou a Desamortización, e viñeron as boas casas de labregos medianos e ricos, nobres e sen brasón, sobre todo en Begonte e en Outeiro de Rei e en Guitiriz, na Terra Chá da cantería; e as escolas fundadas polos emigrantes, coma tal en San Simón ou en Lanzós, patria do nobre capitán irmandiño; e os cemiterios pétreos de Goiriz, de Seixas, de Gaibor, de Silán, este xa en terras montesías; e os numerosísimos cruceiros e calvarios, e o campo da feira de Parga, e o carballo de Louxís, e os tilos de Labrada, e os teixos do cemiterio de Martul... Case non falamos de vilas; a Terra Chá é puro *rus* labrego; Vilalba é vila grande e capital antiga, Guitiriz alóngase modernamente na estrada, pero todas as outras son pequenas, chantadas no medio dun territorio agrario rico que segue dominando todo.

As lagoas de Caque e de Cospeito, cheas de paxarada diversísima; na de Cospeito hai unha cidade asolagada que se chamou Valverde; a Charca do Aligal, con augas mornas salutíferas; a lagoíña de Fonmiñá, onde tradicionalmente nace o Miño; as Penas de Rodas, Ollos da Terra Chá; o Campo de Santa Sabel, onde se xuntan Ladra e Miño e toda a fermosura da terra. E hai que subir ós montes de ó redor –ai, terribles montes; todos se soben facilmente a pé, sen corda nin bastón, e até se chega en coche–, e desde alí mirar a Chaira coma unha grande cunca onde o Miño nace e se fai grande, coas súas longas insuas cheas de ameneiros e silencio, Pastor de Ríos: o Anollo, o Támboga, o Azúmara retorto, o poderoso Ladra que lle vai render tributo cos seus grandes vasalos (o Parga, o Trimaz e o Madalena), o Lea e mais o Azúmara de curso serpentino. Cos seus muíños grandes e pequenos, as súas presas e caneiros, as ribeiras frondosas, as súas oucas movéndose coma cabeleiras peiteadas polas augas. Terra Chá dos Cen Ríos, Terra Chá das mil aldeas, unha aquí e outra acolá, na áspera suavidade da paisaxe eternamente verde...

Terra Chá dos poetas; Manuel María ergue a bandeira, e di: aquí cantou Xosé Crecente Vega, o bo crego poeta da Ponte de Outeiro, comido das saudades en Castela pola «*erma e triste codeseira onde eu alindei meu gado*». Aquí cantou o grande Aquilino de Vilarente de Abadín, que despois do espanto da Guerra Civil resucitou a poesía galega do interior cos seus *Cómaros verdes*, 1947. Aquí cantou –fala Manuel María– Antón Noriega, o gran brañego, case por contrapunto da

chaireguidade. Aquí cantaron os innumerables poetas da sub-escola vilalbesa, de nome coñecido ou non: Antón García Hermida e o seu fillo Xosé Luís García Mato, Manuel Mato Vizoso, Caetano Arias López, Carmiña Prieto Rouco. Iso dixo Manuel María; pero foi el o que creou a Escola Poética da Terra Chá cun libro fundador, e quen lle deu corpo e a agrandou. E despois del, ou ó carón del, viñeron Xesús Rábade Paredes, Margarita Ledo Andión, Darío Xohán Cabana (este tamén ten dereito a ser mencionado aquí), Miguel Anxo Fernán-Vello; e a vida segue aínda. Ningunha terra de Galicia –fóra de Bergantiños de Pondal– foi tan altamente cantada coma a Terra Chá de Manuel María.

## OS CONCELLOS E O QUE HAI QUE VER EN CADA UN

Unha cousa é a Terra Chá propia que percibían os nosos devanceiros, outra a Terra Chá segundo a viu e a inventou poeticamente Manuel María, e outra a Terra Chá paraadministrativa da división comarcal oficial de Galicia. Segundo esta última, Rábade –que é pura Terra Chá– non é da Terra Chá, senón da comarca de Lugo; e Muras –que é xa montaña ben brava– forma parte oficial da Terra Chá. Pero imos ser disciplinados: deixaremos a única parroquia de Rábade para a Terra de Lugo, e colleremos en troca as fermosas parroquias montesías de Tras da Carba, servidas polos ríos Eume, Sor e Landro: Balsa, Irixoa, Viveiró, Silán, Muras e Burgo, Sisto e Ambosores. Nin gañamos nin perdemos: toda a terra é país.

## ABADÍN

Non todo este concello é xeograficamente Terra Chá. As serras da Carba e do Xistral polo Norte –parroquias grandes de Labrada e Montouto, e boa parte doutras–, e a cordal de Neda polo Leste –Galgao, Quende, Fraiás, Cabaneira... – forman unha paisaxe dura e alta, chea de toxerias e greas de eguas bravas, mais xa con pouca xente. De norte a sur vén o río Anlló, que antes se chama de Labrada, de Gontán, de Abadín. Ó redor deste río e da súa teoría de regatos o país desenvólvese nunha bela sucesión de suaves lombas e vagantas, de pradarías e agras con carballeiras e soutos que as defenden do frío. Na parroquia de Vilarente, que é unha destas xa suaves, naceu o gran poeta Aquilino Iglesia Alvariño, autor de *Cómarios verdes*.

A capital do concello chámase unhas veces Abadín e outras Probecende; a parroquia de Abadín ten unha igrexa románica moi austera e moi interesante, precisamente porque carece dos finos adornos de cantería tan asociados co románico. Moi cerca –é da mesma parroquia– está a aldea-vila de Gontán, de grandes feiras cabalares, hoxe case míticas.

O mellor é percorrer o concello de Norte a Sur, ou de Sur a Norte, seguindo a estrada paralela ó curso do río Anllo, e desviándose a capricho. Non hai grandes monumentos; de Sur a Norte recomendamos ver o cemiterio civil de Moncelos, cunha única tumba, monumento á dignidade laica dun home que morreu en 1928. A igrexa parroquial é moi singular, e está nun sitio castrexo. É fermoso o sitio onde están as igrexa de Goás e Cabaneiro, que teñen algúns interese arquitectónico. En Galgao celébrase a Romaría da Montaña, o día de San Cosme e San Damián; Álvaro Cunqueiro ía sempre que podía, e recomendábaa moito por salutífera. A terra de Labrada é moi brava e fermosa; a igrexa conserva algúns elementos góticos, e ten uns espléndidos tilos ó redor; desde alí empeza a áspera soildade do Xistral.

## BEGONTE

Case todo Begonte é Terra Chá, ás veces un pouco ondulada, sobre todo polo Sur, por Donalbai e as dúas parroquias chamadas de Pena, contra Friol e a Cordal de Ousá. Os límites do concello son, coma case sempre, arbitrarios, pero o seu territorio ordénase en dous sistemas fluviais: o do Ladra co afluente Parga, que van de Oeste a Leste e son a maior parte, e o Miño co Támoga pola parte do Leste.

A capital do concello é a pequena vila de Begonte, á beira da estrada. A cinco quilómetros hai outra viliña, a de Baamonde. A igrexa de Santiago de Baamonde é unha mestura moi fermosa de estilo románico e gótico, con pequenos restos da anterior, do século IX. Tamén é moi bo o inmediato cruceiro barroco. No adro hai un castiñeiro oco, dentro do cal o escultor local Víctor Corral esculpiu unha imaxe da Virxe do Rosario. Víctor Corral ten unha curiosa casa-museo un pouco máis arriba.

Na parroquia de Gaibor hai un campo da feira xa en desuso, cunhas casetas de pedra moi boas. Cerca a está a igrexa parroquial, bo exemplar barroco, construída na croa dun castro que foi salvaxemente brutalizada hai poucos anos. O cemiterio parroquial ten espléndidos panteóns de cantería.

Hai outras dúas parroquias especialmente interesantes: a de Virís, cun pazo ou casa grande só en regular estado, pero cunhas casas labregas que se contan entre as mellors da Terra Chá. O barrio onde está a igrexa de Uriz, ó carón mesmo do río Ladra, é outra marabilla da arquitectura popular.

## CASTRO DE REI

Castro de Rei ten unha bonita e somnolenta capital histórica e administrativa –a vila feiral de Castro de Rei– e unha dinámica capital comercial que é Castro Ribeiras de Lea, outra antiga vila tamén feiral moito mellor situada para os tempos de hoxe, cun grande mercado gandeiro, que exerce de centro comercial dunha zona moi rica da Terra Chá.

Tres son os ríos principais: o Lea, moi alagadizo, que recolle regos polas partes do Sur; polas do Norte reina o Azúmara, un dos ríos más fermosos do mundo, continuamente con meandros; hai unha ruta sinalada ó carón del, desde Castro de Rei ó castro de Viladonga, que non se debe deixar de facer no bo tempo. Polas parroquias do Oeste vai o Miño que recibe os dous, un Miño lento e xa maior que forma no seu centro unhas lindísimas insuas cubertas de mesto arboredo, e que en Triabá se divide en dous ramais espléndidos, sosegados e fondos.

É moi fermosa, e moi habitada de aves, a pequena lagoa de Caque, ou de Bardancos, moi preto de Castro Ribeiras de Lea, indo cara a Abadín e collendo un desvío á dereita.

Tanto a capital do Concello coma Castro Ribeiras de Lea teñen campos da feira moi ben arborados que lles serven de centro. Se en Ribeiras de Lea collemos pola estrada que vai a Ludrio, ó carón dun pazo sen gran mérito veremos un inmenso eucalipto que é quizabes a árbore más grande de Terra Chá. Pero a árbore más fermosa da Terra Chá, e unha das más fermosas de Galicia, está na parroquia de Pacios, no estremo norte do Concello; é o inmenso carballo de Luxís, ó carón do pazo dese nome. Este carballo –que nunca se espodou– xa foi cantado por Xosé Crecente Vega, poeta da contigua parroquia de Santa María de Outeiro, ou Ponte de Outeiro, que finou en 1948:

*Non o abrazan tres homes. Unhas canas  
largas e gordas coma troncos ten.  
¡Ben se lle ve que enraizou con ganas  
de chegar algún día a ser alguén!*

Pero o gran monumento do concello, rico en pazos e casas grandes, é o castro de Viladonga, que está ó carón dos más impresionantes da Cultura Castrexia: Coaña, Santa Tegra, Briteiros... A súa croa ten ó pé dunha hectárea, o seu sistema defensivo é unha marabilla, e unha serie de escavacións exemplares mostra a extraordinaria estrutura urbanística deste gran centro de poder rural que estivo habitado ata o século V. Desde o alto das murallas óllase toda a Terra Chá; un solpor no bo tempo é un espectáculo inesquecible. O museo do castro está sabiamente organizado, cunha claridade didáctica exemplar.

## COSPEITO

O concello de Cospeito é o propio corazón da Terra Chá. O seu territorio, case todo coma a palma da man, é definido por tres ríos, de Norte a Sur: o Támoga ou Támboga, o Anllo, e o Miño que fai límite oriental e despois vira cara ó Oeste para recoller os outros pola parte do Sur. O río Anllo, pola súa parte, fén dese en dous na parroquia de Goá e manda un brazo –que se chama Guisande– para reforzar o Támoga; pero antes de chegar a el, as terras son tan chás que se entretén en formar a lagoa de Cospeito, ou de Valverde. Todos estes ríos son bastante vacilantes, a pesar de que van coidadosamente encaixados entre valados que se chaman baltróns, e nos invernos saen de madre e fan grandes inundacións, especialmente polas parroquias de Roás e Xermar e Xustás, que noutro tempo deberon ser tamén lagoa o más do ano.

A capital do concello é a Feira do Monte; pero o núcleo industrial é a pequena vila de Muimenta. A paisaxe agraria está hoxe dominada polos prados, pois hai moita gandería; antes era moi boa terra de patacas.

Na Feira convén subir a onde está a capela da Virxe do Monte, que é un dos mellores miradoiros da Terra Chá, coa lagoa ós pés. Cántase que onde está a lagoa había unha cidade onde lle negaron pousada á Virxe, a cal se refuxiou nunha casa de labregos moi pobres no alto do pequeno monte onde é agora a ermida. Como non tiñan outra cousa que darrle de comer, mataron o único becerro que tiña a súa única vaca para facérenlle a cea. Ó outro día o becerro estaba vivo e rebrincando no cortello, e a cidade de Valverde ficara asolagada baixo as augas.

O edificio máis notable do concello é o Pazo de Sistallo, feito no XVIII e un dos mellores de Galicia. Está moi preto da Feira do Monte, mais non se pode entrar no recinto. Tamén é de interese o Pazo da Barreira, na parroquia de Cospeito, e o de Caldaloba, na parroquia de Pino. Cerca deste está a ilustre ruína da torre tamén chamada de Caldaloba, ou de Vilaxoane, de Pedro Pardo de Cela, onde a súa filla Dona Constanza resistiu aínda oito meses despois da decapitación do Mariscal.

Pero o lugar máis interesante de Cospeito é a excepcional lagoa. En tempos foi case desecada, pero recuperouse felizmente, e hoxe é albergue hospitalario para milleiros e milleiros de aves acuáticas dun grande número de especies.

## GUITIRIZ

Ó Norte de Guitiriz está a gran parroquia de Labrada, e ó Leste a de Pígara, que renden augas ó Ladra, a primeira a través do seu propio río; as outras dezaseis freguesías ordénanse ó redor do Parga e dos seus afluentes; de feito, este concello chamouse tamén de Parga e de Trasparga, antes de ter a capital en Guitiriz, vila moderna ó longo da estrada, antigo barrio da parroquia de San Xoán de Lagostelle.

Boa parte do concello é propia Terra Chá; pero outra parte, áinda que non moi súpeta, é xa bastante montañosa, sobre todo polo Oeste, coa liña continua formada pola serra da Loba, a cordal de Montouto e serra da Cova da Serpe. Tamén os montes entre Parga e Pígara son bastante bravos.

Este concello coincide bastante ben co condado medieval de Parga, que se perde na noite dos tempos. O gran poeta Xosé María Díaz Castro naceu nos Vilares de Parga, onde hai un magnífico calvario, e onde xace enterrado. Deixounos un único libro, *Nimbos*, que é un dos más fermosos da poesía galega.

En Guitiriz quedan bastantes mostras de arquitectura medieval. A más importante é talvez a ermida górica do Santo Alberte, ó que se vai en romaría pedindo o don da fala; nos últimos anos tende a ser unha romaxe de celebración da lingua galega. É tamén moi interesante a igrexa vella da capital, a de San Xoán de Lagostelle, unha verdadeira xoia barroca que integra partes gólicas. Recentemente fixeron outra igrexa, enorme, de estilos neorrománicos moi mesturados. Collendo en Guitiriz a estrada que vai á Cova da Serpe pódense ver as brañas do Boedo, e logo as igrexas románicas, mellor ou peor conservadas, de Mariz, de Vilar –moi sinxela, pero a mellor– e mais a de Negradas, xa na serra.

Non se pode deixar de ver a Pobra de Parga, unha deliciosa vila medieval que medrou modernamente –poco– ó redor da estación do tren. Castelo medieval, igrexa románica, sartegos antropomorfos, e sobre todo un espléndido campo da feira con alpendres sobre columnas de pedra, onde todos os veráns se fai unha populosa feira da cantería, cun gran concurso de canteiros, e cunha vertente cabalar e gastronómica –a feira dos callos– tamén moi interesantes.

En Guitiriz hai dous balnearios famosos, o de Guitiriz e o de Pardiñas; neste último celébrase en agosto o multitudinario Festival de Pardiñas, unha das grandes citas anuais da música folk.

## MURAS

Muras é terra montesía, que tende un pouco á Terra Chá porque ten Vilalba como xeitoso centro comercial. As serras da Carba e de Xistral, cubertas de queirogas, toxos brañegos e uces, soben ata os mil metros, e por algúns sitios son moi ásperas. Hai moitas eguas bravas, e vacas en liberdade. Malia a visión

unificadora dos montes, o territorio do concello é moi pouco unitario, coa poboación ordenada en tres vales con tres ríos que van todos tres directamente ó mar. No do Landro están as parroquias de Silán e o Viveiró; no do Eume, Balsa, Irixoa, o Burgo e Muras. O val do Sor é unha especie de raro caos administrativo: a freguesía de Sisto só está dividida entre os concellos de Muras e de Ourol; pero a de Ambosores pertence a catro concellos e a dúas provincias: Muros e Ourol de Lugo, Mañón e As Pontes da Coruña.

Muras capital é unha bonita cousa entre vila e aldea, con casas boas e moitos cruceiros e un campanario barroco nun alto, separado da igrexa. Ó outro lado do Eume está o Burgo, separado por unha ponte de arco, tamén sitio moi guapo.

Na parroquia da Balsa hai unha estraña igrexa románica moi interesante, e unha arcaica ponte de arco sobre o Eume. O Viveiró é unha minúscula vila ó redor do campo dunha feira abandonada; ten un poderoso campanario barroco hoxe exento da igrexa. En Silán hai unha igrexa castrexia barroca preciosa, un cruceiro moi singular e un cemiterio impresionante con soberbias esculturas, ademais dun pequenísimo pazo, hoxe casa común, con portas e fiestras góticas serodias.

## OUTEIRO DE REI

O Miño, correndo de Norte a Sur, parte en dous o concello. No medio da súa corrente hai longas insuas. Á esquerda do Miño, cara ó Leste, as terras son moi chás, e só contra Aguiar se elevan un case nada pola suavísima serra de Outeiro Maior. Á dereita do río, cara ó Occidente, as terras empezan tamén chás e vanse erguendo pouco a pouco cara ós montes de Gaioso, onde están as Penas de Rodas, un precioso lugar e miradoiro. Nas partes ó Leste do Miño o esqueleto da terra é sobre todo de pizarra ou xisto; nas do Oeste manda o granito. Todo isto nótase moi ben na construción tradicional.

A capital do concello é unha antiga pobra, hoxe pequena vila de aspecto campesiño con moi boas casas. Nunha delas –a casa de Hortas, de podentes labregos– naceu Manuel María, o gran poeta da Terra Chá e un dos más grandes da literatura galega moderna. Cerca da vila está o Campo de Santa Sabel, onde se xuntan o Ladra e o Miño; é un dos lugares más belos da comarca; hai un magnífico muíño de catro moas nos baixos dunha casa magnífica que ergue dous pisos por enriba.

Nas partes da esquerda do río está Bonxe, un dos grandes centros de olaría tradicional que quedan en Galicia, xunto con Buño, Niñodaguia e Gundivós.

Hai varias igrexas de mérito, entre elas as románicas –en boa parte áinda– de Robra, Francos e Martul, esta con grandes teixos no sagrado. Pero a arquitectura más atractiva destas terras é a popular. Mesmo xunta Outeiro de Rei hai unha

enorme casa de labranza con solaina que sae en case todos os libros. Á esquerda do Miño predominan as casas de pedra de lousa, alongadas e polo regular sen circundo pechado; á dereita son de cantería, tiran ó cadrado e a miúdo forman currais cerrados con palleiras e muros. Un día de bo tempo dedicado a vagar polas parroquias de Martul, Aspai, Candai e as dúas de Gaioso (San Tomé e Santiago) será unha viaxada inesquecible. Houbo grandes canteiros nesta terra, entre eles un mestre de obras que a mediados do século XIX fixo algunas das casas de labranza medianas más fermosas de Galicia.

## A PASTORIZA

No concello da Pastoriza hai terras bastante diferentes. Algunhas parroquias son pura Terra Chá centrosa; outras xa se van erguendo cara á cordal de Neda e Lourenzá polo Norte, e cara ás serras de Meira e do Pousadoiro polo Leste. Pero a paisaxe está moi unificada por unha concentración parcelaria moi antiga, que deu lugar á xeneralización de explotacións gandeiras grandes –grandes entre nós– moito antes ca no resto de Galicia. É un concello agrícola moi próspero, e parroquias coma a de Bretoña ou a propia Pastoriza son de riqueza proverbial na comarca.

A capital do concello é un pequeno centro comercial de crecimiento moi recente. O centro da gran parroquia de Bretoña –máis ó Norte– é unha estraña aldea avilegada: puido ser capital da diocese dos britóns de Maeloc, que viñeron para Galicia fuxindo das invasións anglosaxoas, nos tempos do noso reino suevo. A súa igrexa actual é barroca, moi grande e bastante apedrada por reformas, pero nas escavacións do castro inmediato atopáronse vestixios dun templo desa época.

As terras montesías do Norte do concello merecen un paseo demorado; hai montes de cabalos bravos que se xuntan no curro do Campo do Oso. As parroquias de Loboso, Lagoa e Cadavedo son francamente bravas. No extremo sur do concello, ó carón de Meira, está a parroquia de Fonmiñá, cunha minúscula lagoa a partir da cal flúe un río que xa merece o nome de Miño. Crecente, Baltar, Saldanxe, as dúas Reigosas, terras suaves e boas, van deitando sobre el os seus regueiros.

## VILALBA

O máis do concello –o máis extenso de Galicia despois do da Fonsagrada– é pura Terra Chá, que só polo Norte, nas grandes parroquias de Vilapedre e San Simón da Costa, e en parte Samarugo, se ergue contra as serras da Carba e do

Xistral, en paisaxes de extraordinaria beleza. O río Ladra manda en case todo o seu territorio, correndo de Norte a Sur, cos seus tributarios o Labrada, o Trimaz, o Madalena e o Fabilos. Polo Leste baixa o Támoga.

Vilalba –Santa María de Vilalba– naceu como capital do condado medieval de Montenegro. Despois foi feudo dos Andrades, ós que o pobo irmandiño lles derrocou dúas veces o seu potente castelo; pero as dúas veces conseguiron facelo reconstruír. Capitán da Segunda Irmandade foi o bo cabaleiro Afonso de Lanzós, natural destas terras.

Hoxe Vilalba é a capital simbólica e comercial da Terra Chá. Nos últimos anos medrou moito, e aínda que perdeu algo do tranquilo encanto de outrora, ten moitos atractivos, entre os que destaca a gran torre octogonal dos Andrade –agora parador de turismo– e o excelente museo de Prehistoria, moi abundante de útiles paleolíticos e neolíticos aparecidos nos grandes xacementos do concello. Os soberbios queixos de San Simón deben ser incluídos no programa. Hai varias tendas de comestibles que conservan moi ben o estilo antigo.

Convén ver tamén a igrexa e o cemiterio neogótico de Goiriz; a escola de Lanzós, financiada polos emigrantes en Cuba, cerca dunha igrexa barroca moi ben porticada. Indo para Santaballa –unha das parroquias proverbialmente ricas da Terra Chá– está a Charca do Aligal, nos termos de Carballido, moi concorrida no verán.

As terras montesías do norte merecen unha demorada excursión, pola súa beleza natural e arquitectónica e porque en días claros ofrecen vistas espectaculares sobre a Terra Chá coma unha cunca entre as serras que a rodean, especialmente desde Carballo Torto, un dos setenta barrios da enorme e rica parroquia de San Simón da Costa, que se divide en tres «lombos»: o do Rigueiriño, o de Candaído e o da Igrexa. A igrexa de San Simón –enorme tamén, de tres naves e cruceiro– coa súa poderosa torre é belísima ó solpor. Polas feituras parece do século XVII, pero en realidade construíuse a principios do XIX seguindo os vellos modelos; o seu retablo maior procede da igrexa e do século anterior. Case ó carón hai unha magnífica escola fundada polos emigrantes. Na parroquia hai máis de corenta cruceiros, e casas señoriais nos lugares de Pude, Folgueiras e Bodán, esta talvez de ó redor do 1500. Hai tamén un castro co recinto intacto en Vilamaior; mámoas en Raña, Pude, Grandela, Candaído, Bodán; dolmens no Chao da Arqueta e na Igrexa dos Mouros; e un altar de sacrificios en Bodán, nunha alta pena, con canles para correr o sangue e signos gravados na pedra. Hai varias fábricas de queixo, pequenas e de traballo artesanal familiar, pero con maquinaria moderna. Máis ca unha parroquia, San Simón da Costa é un mundo.

## XERMADE

O concello de Xermade é xa en parte terra de transición cara ás serras da Loba e mais da Carba; hai grandes extensións despoboadas de montes más ben baixos, cubertos de toxos e queirogas, impresionantes cando están en flor. Os seus ríos son o Labrada polo Sur e o Trimaz polo Norte, afluentes os dous do grande Ladra. O río Eume fai en parte de límite municipal oriental.

Este concello, rico en xacementos paleolíticos, mámoas e castros, carece de grandes monumentos civís e relixiosos, pero abunda moitísimo en cruceiros, algúns de gran beleza. A arquitectura popular, polo regular en pedra miúda de xisto, caracterizábase polas preciosas molduras de cemento pintado das fiestras e das portas, que agora se van perdendo. Paga a pena visitar Momán, antiga e famosa feira nunha encrucillada de camiños; no centro está a capela de San Antón e moi preto a igrexa parroquial de San Mamede, barrocas as dúas. En Roupas, tamén vello lugar de feira, hai unha magnífica escola, construída en 1921 polos emigrantes da parroquia, e unha bonita igrexa, tamén barroca, cunha boa torre exenta. Na capital do concello –aldea un pouco avilegada– hai unha fermosa casa de pedra de lousa con marcacións de cantería, hoxe biblioteca pública. Pero o más fermoso de Xermade son os montes en flor e os salgueiros espodados en coroa, que antes eran moi comúns en Galicia e hoxe xa abundan en moi poucos sitios coma aquí.